




CONCELLO DE
PONTEVEDRA



**PLANO ESPECÍFICO DE
INFRAESTRUTURAS DA
PARROQUIA DE SANTO ANDRÉ
DE XEVE**

PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE SANTO ANDRÉ DE XEVE

INTRODUCCIÓN	2
1. ANTECEDENTES	2
2. OBXECTO	2
3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	2
4. CONTIDOS DOS PLANOS	3
5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS	4
6. FONTES DE INFORMACIÓN	4
MEMORIA.....	5
1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL	5
2. DIAGNOSE.....	8
3. PROPOSTAS	9
4. PRIORIZACIÓN.....	10
5. PLANOS.....	11

INTRODUCCIÓN

1. ANTECEDENTES

O concello de Pontevedra pretende que o rural e os barrios, así como a participación social, adquiren un protagonismo específico nas actuacións a desenvolver. Por este motivo, levou a cabo a elaboración dos Planos Específicos de Infraestruturas das parroquias do rural do termino municipal.

Os obxectivos destes Plans Específicos de Infraestruturas das Parroquias son, polo tanto:

1. Potenciar a identidade parroquial.
2. Vertebración e cohesión social, e creación de núcleos de centralidade parroquial.
3. Mellora da calidade de vida, achegando o modelo do centro e dos barrios urbanos ao rural.

Para a redacción dos mesmos, seguíronse as condición e determinacións fixadas no Prego de Prescricións Técnicas publicado ao efecto. Por outra banda, o técnico contratado para levar a cabo estas tarefas fíxose cargo tanto da realización dos traballos de campo e elaboración da documentación definitiva, como de prestar o oportuno asesoramento nas reunións cos veciños e axentes sociais implicados.

Foi durante estas reunión que se chegou a conclusión de que a maneira óptima de levar a cabo tan ampla labor era a catalogación das necesidades dos veciños en grupos temáticos. Así, diferenciamos os seguintes conxuntos de propostas:

- Viaro peonil
- Plan de arranxo de fontes
- Plan de arranxo de pistas
- Roteiro interparroquial
- Conservación de patrimonio
- Equipamentos
- Saneamento
- Seguranza viaria

2. OBXECTO

Estes “Planos Específicos de Infraestruturas de Parroquia” teñen por obxecto recoller todas as necesidades e actuacións concretas en todos os ámbitos: patrimonial e cultural, recursos ambientais, mobilidade, servizos (lixo, ciclo da auga, iluminación...), dotacións e equipamentos, e calquera outro que se poida priorizar colectivamente mediante a participación veciñal.

Así mesmo, redáctase una serie de propostas a partir das necesidades dos veciños, para cada unha das áreas citadas, xunto con unha valoración e priorización das mesmas.

Xerouse un plano específico por cada parroquia cos contidos citados.

3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de desenvolvemento dos Planos específicos de infraestruturas serán as trece parroquias do rural do concello de Pontevedra que contan con Consello Parroquial. A saber:

- | | | |
|-------|-------------|-----------|
| -Alba | -Campañó | -Lérez |
| -Bora | -Cerponzóns | -Lourizán |

-Marcón
-Mourete
-Salcedo

-Santa María de Xeve
-Santo André de Xeve
-Tomeza

-Verducido

4. CONTIDOS DOS PLANOS

Para cada unha das parroquias sinaladas, redactouse un Plano individual, co seguinte contido:

1. Caracterización da situación actual

- Características físicas.
- Características demográficas e socioeconómicas. Distribución de actividades por áreas.
- Recursos culturais e patrimoniais: Patrimonio arquitectónico, escultórico, etnográfico, lingüístico, etnográfico e histórico.
- Recursos ambientais: Auga, regatos, zonas húmidas, monte, núcleos de poboación, resto do territorio.
- Rede viaria e mobilidade.
- Servizos: Ciclo da auga (abastecemento público, traídas veciñais, colectores de saneamento), iluminación pública, recollida do lixo e outros.
- Dotacións: Centros cívicos, parques infantís, zonas de lecer, educacional, etc.
- Todos aqueles recursos e características propias xurdiron da participación colectiva.

Esta caracterización levouse a cabo a partir dos datos cartográficos facilitados polo Concello, completados mediante os correspondentes traballos de campo e reunións cos axentes implicados en cada parroquia.

2. Diagnose

Realizouse unha diagnose do estado de cada unha das parroquias do rural de Pontevedra, sinalándose as súas carencias e detectando as súas potencialidades, a partir da análise da situación actual e da súa previsible evolución.

3. Propostas

Propúxose unha serie de programas de actuación a desenvolver en cada parroquia para acadar os obxectivos do plano:

- Recursos culturais e patrimoniais: catalogación, protección normativa, actuacións de fomento e mellora: obras, sinalización, proteccións físicas.
- Recursos ambientais: eliminación de elementos de deterioro, actuacións de mellora, sendas, parques forestais ...
- Rede viaria e mobilidade: ordenación e reordenación de USOS, potenciación da mobilidade amable, direccións únicas, dotación de beirarrúas, sostemento dos pavimentos, seguridade viaria (limitación de velocidade, elementos de calmado de tráfico, sinalización).
- Servizos: ciclo da auga (potenciación das traídas veciñais, subministro público en zonas nas que se necesite, completar a rede de sumidoiros con racionalidade), iluminación pública (completar onde sexa necesaria, iluminar elementos senlleiros), recollida do lixo (reaxuste de certos elementos do servizo, procedemento para actuar sobre animais abandonados ou mortos, información sobre punto

limpo). Cabe sinalar que, aínda que o saneamento estivo incluído no listado de demandas dos consellos parroquiais, non foi valorado nin priorizado, por depender a súa execución de acordos con administracións superiores.

•Dotacións: completar a rede de centros cívicos onde sexa imprescindible, medidas de xestión que optimicen o aproveitamento e os custos, soste os equipamentos actuais, completar con novas equipamentos con criterios de maior uso e menor sostemento, actuar sobre os espazos libres e as zonas verdes e de lecer con sostemento e dotación de novas áreas que se consideren necesarias.

Estes programas de actuación contan cun Estudo Económico no que se recolle unha aproximación aos custos reais da súa implantación.

5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS

Estes planos foron o resultado final dun proceso de toma de datos, adquisición de información, participación e propostas dos veciños afectados, e audiencia pública máis aprobación final polo Concello. A continuación expónse como se articulou dito proceso, e as súas correspondentes fases.

1. EXPLICACIÓN

O traballo precisaba dun esforzo previo de explicación e asunción por parte dos axentes sociais da parroquia. Todos e cada un dos aspectos coas súas potencialidades e limitacións debían ser debatidos e aclarados, co obxecto de que este proxecto sexa compartido polos axentes sociais da parroquia.

2. RECOLLIDA DE DEMANDAS E COMPILACIÓN DE INFORMACIÓN

En cada un dos apartados de cada Plano recóllense as demandas e propostas dos veciños. Mantivéronse reunións con veciños preocupados por unha ou varias áreas temáticas. Asemade, traballouse no tratamento da información facilitada polo Concello, á vez que se realizaban os traballos e inspeccións de campo precisas.

3. PLANOS INICIAIS

Unha vez recollidas as demandas presentáronse os Planos iniciais que se aplicarían a cada parroquia, cos contidos precisados no art. 4 do Prego de Prescricións Técnicas redactado a este efecto.

4. PRIORIZACIÓN E SECUENCIACIÓN

Xunto cos axentes sociais da parroquia, levouse a cabo unha priorización das actuacións propostas, determinando a súa secuenciación temporal aproximada. Isto fíxose en base aos seus custos previsibles, necesidades, número de destinatarios e atendendo a criterios de racionalidade e equitativos

6. FONTES DE INFORMACIÓN

Os datos utilizados para a redacción do presente documento se obtiveron das seguintes fontes:

- | | |
|------------------------------|----------------------|
| -PXOM en tramitación | -Datos censais (INE) |
| -Cartografía municipal | -Traballo de campo |
| -Fotografías aéreas (SIXPAC) | |

MEMORIA

1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

1.1 Condicionantes territoriais

Está situada ao nordeste do concello cunha extensión aproximada de 10 Km². Os seus límites son: polo norte, o concello de Campo Lameiro, ao leste o concello de Cotobade, ao sur a parroquia de Bora e Mourente e ao oeste a Sta M^a de Xeve. A súa configuración territorial está composta por seis entidades de poboación oficialmente recoñecidas polo Nomenclator e que son as que seguen: Maunzo, Sta Cruz, O Couso, Filgueira, Frago e Sobral.

O río Lérez, limita a parroquia polo este co concello de Cotobade e se estende de norte a sur. Os principais núcleos de santa María de Xeve oriéntanse ao leste nos vales que verten ao mesmo.

Os distintos núcleos da parroquia estrutúranse a través da estrada provincial PO-233 que se dirixe a Campolameiro. Esta estrada atravesa diagonalmente a parroquia e complementase coa PO-224 que, perpendicular á primeira, atravesa o Lérez e se dirixe a Bora. A estrada de Campolameiro vai a ser a vía que marque a principal área de crecemento e expansión da parroquia.

De cara á análise do modelo de asentamento que se observa para a parroquia, hai que falar dunha distribución polinuclear cun certo grao de xerarquía. Unha característica diferenciadora desta parroquia é a fragmentación en núcleos de menor entidade, daqueles recoñecidos no Nomenclátor.

Como exemplo a isto, o lugar da Filgueira, que ten un certo peso na identidade da parroquia debido ao equipamento eclesiástico que acolle, queda fragmentado en varios lugares a modo de malla polinucleada onde se distinguen entidades de menor rango (Os Laranxos, Novás e zona da igrexa).

A pesares desta pequena anotación na estrutura da parroquia, o lugar que realmente acolle un peso importante no conxunto da parroquia é O Sobral por ser o de maior tamaño de poboación e contar no seu interior co cruce das estradas PO-223 e PO-224 (de conexión con Sta M^a de Xeve).

Este artellamento do modelo tradicional de asentamento queda roto na súa estrutura polas tendencias de novo calado que aparecen no ámbito da PO-223 no lugar de O Sobral e O Couso. Aquí, a proximidade ao Lérez orixina unha forma de crecemento disperso e o aumento de actividades comerciais.

1.2 Poboación

Se analizamos a evolución da poboación nas últimas tres décadas, observamos un descenso xeneralizado na meirande parte dos seus núcleos, sobre todo en Maunzo e Santa Cruz.

NÚCLEOS	POBOACIÓN DE FEITO.						Nº DE VIVENDAS.			
	1981	1991	2001	2008	2012	Increment. %	1981	1991	2001	Increment. %
XEVE	1286	1213	1221	1155	1119	-12,99	364	400	403	10,7
COUSO (O)	220	199	221	216	230	4,54	66	70	75	13,6
FILGUEIRA	232	224	226	209	185	-20,26	69	70	70	1,4
FRAGOSO	275	277	253	229	203	-26,18	68	74	72	5,9

MAUNZO	113	104	96	88	90	-20,35	30	30	30	0,0
SANTACRUZ	135	111	114	106	110	-18,52	40	45	37	-7,5
SOBRAL	311	298	311	307	307	-1,29	91	111	119	30,8

PARROQUIA DE SANTO ANDRÉ DE XEVE. ÍNDICE DE VARIACIÓN 1981/2012

Aínda que o saldo demográfico no período comprendido entre 1981 e o 2008 sexa negativo, o conxunto total da parroquia sufriu un incremento no número de vivendas superior ao 10%.

1.3 Dotacións e espazos libres

Filgueira: Aquí están os equipamentos máis característicos da parroquia, como son o campo de tiro, o colexio CEIP Santo André de Xeve e todo o conxunto eclesiástico.

O Sobral: Neste lugar atópase o campo de fútbol e o teleclú como sistemas locais da parroquia.

Os espazos libres son escasos na parroquia, o bordo fluvial do Lérez non se atopa acondicionado e suporía un importante espazo de lecer para a parroquia e mesmo para Pontevedra.

1.4 Patrimonio cultural

X_075 CASTRO

Monte da Torre / Monte do Castro

A BOUZA

E_237 MUÍÑO

Muíño de A Bouza

A BOUZA DE RAXÓ

E_320 MUÍÑO

Muíño do Regueiro

A COSTA

E_322 FONTE-LAVADOIRO

Fonte da Costa

A IGREXA

A_031 RELIXIOSA

Igrexa parroquial e camposanto de Santo André

A_033 CASA GRANDE

Casa Reitoral de Santo André

E_106 CRUCEIRO

Cruceiro da Igrexa

S_002 ALAMEDA

Alameda da Igrexa

A ILLA DE COUSO

E_100 MUÍÑO

Muíño de O Couso

A SANTA CRUZ

A_135 CIVIL

Casa da Canliña e Fonte-lavadoiro

E_108 CRUCEIRO

Cruceiro da Santa Cruz

E_319 FONTE-LAVADOIRO

Lavadoiro da Cova do Barro

E_321 FONTE-LAVADOIRO

Fonte do Regueiriño

X_004 NECRÓPOLE

Santa Cruz / Igrexa Vella

E_000 FONTE-LAVADOIRO

Fonte

ALDRÁN

E_097 MUÍÑO

Molinera de Rei ¿Muíño de Aldrán?

COUSO

I_004 CIVIL

Ponte de Couso

FILGUEIRA

E_308 FONTE-LAVADOIRO Fonte-lavadoiro da Loxe
E_310 FONTES Fonte da Buzaca

FRAGOSO

E_098 MUÍÑO Muíño da Costa
E_323 FONTE-LAVADOIRO Fonte do Bartoliño
E_324 FONTE-LAVADOIRO Fonte-lavadoiro de Fragoso
E_325 HÓRREO Canastro monumental
E_332 CAMIÑOS HISTORICO Camiño do Monte

MAÚNZO

E_104 FONTE-LAVADOIRO Fonte da Peniña
E_316 FONTE-LAVADOIRO Fonte da Canle
E_317 FONTES Fonte das Regueiras
X_005 CASTRO Monte do Castro / Castro de Xeve

O COUSO

E_099 MUÍÑO Muíños de O Couso
E_101 FONTE-LAVADOIRO Muíño da Casa da Carballa
E_236 CRUCEIRO Cruceiro de O Couso
E_311 FONTE-LAVADOIRO Lavadoiro do Pozo

O CRUCEIRO

E_318 FONTES Fonte de O Cruceiro

O PENEDO

E_105 CRUCEIRO Cruceiro de O Goio
E_309 FONTES Fonte do Penedo

SAN ROQUE

A_032 RELIXIOSA Capela e Cruceiro de San Roque
A_034 CIVIL Escola da Obra Pía
E_107 CRUCEIRO Calvario do Vía Crucis
E_314 FONTE-LAVADOIRO Lavadoiro da Escola
E_315 FONTES Fonte da Fundación

SOBRAL

A_160 CIVIL Conxunto tradicional
E_312 FONTE-LAVADOIRO Fonte-lavadoiro do Campo da Bouza
E_313 FONTES Fonte do Piñeiro
X_050 MÁMOA Mámoa de Monte Barburiñal
X_073 MÁMOA Mámoa de Monte Barburiña II
E_000 FONTE Fonte da Sabela

2. DIAGNOSE

2.1 Problemática xeral

Os principais problemas da parroquia derivan fundamentalmente da difícil estruturación, tanto internamente entre os distintos núcleos, coma coas outras parroquias do concello á outra beira do río.

No que respecta á estruturación interna da parroquia, o principal problema deriva do mal estado da rede viaria. O viario é escaso, de sección insuficiente e en xeral en mal estado. Necesidade dun espazo de centralidade interparroquial con certa especialización de servizos como punto de encontro para os veciños da parroquia. Demándase ademais unha maior cantidade de espazos libres e dotacións deportivas.

A relación da parroquia co río presenta dificultades, nos accesos e na utilización como espazo público continuo. Existen vellas estruturas de ribeira que non están recoñecidas: (camiños, peiraos, muíños...).

2.2 Obxectivos

Mellora e posta en valor do medio físico e paisaxístico que posúe. Recuperando o bordo fluvial e mellorando ós acceso ao río dende a parroquia.

Creación de espazos libres e puntos de encontro que faciliten as relacións sociais dentro dos propios asentamentos da parroquia.

Mellora da rede viaria interna, ampliación e mellora do pavimento.

Dotación de servizos urbanos, (saneamento e mellora da rede de pluviais).

3. PROPOSTAS

NOME	CÓDIGO	PLANO	TRABALLOS	LOCALIZACIÓN	LONXITUDE	ANCHO	PREZO UNITARIO	PREZO	TOTAL
VIARIO PEONIL	C01	P.01	Arranxo de firme e pluviais	Ponterrequil-Teleclube	805	1	98,07 €		78.946,35 €
	C02		Creación, arranxo de firme e pluviais	Teleclube-Colexio	348	1	98,07 €		34.128,36 €
	C03		Creación, arranxo de firme e pluviais	Colexio-Parque do Sobral	615	1	98,07 €		60.313,05 €
	C04		Creación, arranxo de firme e pluviais	Colexio-O Cruce	377	1	98,07 €		36.972,39 €
	C05		Arranxo de firme e pluviais	O Cruce-Fonte do Piñeiro	285	1	98,07 €		27.949,95 €
	C06		Arranxo de firme e pluviais	O Valo	336	1	98,07 €		32.951,52 €
	C07		Creación, arranxo de firme e pluviais	Filgueira	320	1	98,07 €		31.382,40 €
	C08		Arranxo de firme e pluviais	Veiga da Porta	367	1	98,07 €		35.991,69 €
	C09		Arranxo de firme e pluviais	Outeiro do Año	263	1	98,07 €		25.792,41 €
	C10		Creación, arranxo de firme e pluviais	Filgueira-Outeiriño	998	1	98,07 €		97.873,86 €
	C11		Arranxo de firme e pluviais	Fragoso	224	1	98,07 €		21.967,68 €
	C12		Arranxo de firme e pluviais	Campo da Bouza	192	1	98,07 €		18.829,44 €
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01	P.02	Limpeza e mellora	Lavadoiro do Campo da Bouza					1.000,00 €
	F02		Limpeza e mellora	Fonte e lavadoiro da Fundación				1.000,00 €	1.000,00 €
	F03		Limpeza e mellora	Fonte e lavadoiro de Santa Cruz				1.000,00 €	1.000,00 €
	F04		Limpeza e mellora	Mina de Fragoso				400,00 €	400,00 €
	F05		Limpeza e mellora	Fonte das Regueiras				400,00 €	400,00 €
	F06		Limpeza e mellora	Lavadoiro da Loxe				1.000,00 €	1.000,00 €
	F07		Limpeza e mellora	Fonte da Sabela				400,00 €	400,00 €
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01	P.03	Pluviais	Sobral	62			7.000,00 €	7.000,00 €
	P02		Bacheo_Asfaltado	Subida ao Campo de Tiro	166			20.000,00 €	20.000,00 €
	P03		Asfaltado e pluviais	Filgueira-Estrada de Bora	291	4	39,68 €		46.187,52 €
	P04		Ancheado e asfaltado	Camiño de Malvar(Santa Cruz)	185	1	392,44 €		72.601,40 €
	P05		Muro, ancheado e asfaltado	Muro da Igrexa	31	1	721,16 €		22.355,96 €
	P06		Muro, ancheado e asfaltado	Cruceiro da Igrexa	57	1	712,44 €		40.609,08 €
	P07		Muro, ancheado e asfaltado	Maúnzo	344	1	721,16 €		248.079,04 €
	P08		Asfaltado e pluviais	A Bouza-Frieiro	452	3,5	42,72 €		67.583,04 €
	P09		Asfaltado e pluviais	Camiño da panaderia(Filgueira)	211	5	35,59 €		33.792,71 €
	P10		Asfaltado e pluviais	Bar Rei-Igrexa	371	3,5	42,72 €		55.471,92 €
	P11		Asfaltado e pluviais	Camiño da casa do Gaitero	250	3,5	42,72 €		37.380,00 €
	P12		Pluviais	A Cascada	300	1	66,80 €		20.040,00 €
	P13		Pluviais	Igrexa	190	1	66,80 €		12.692,00 €
ROTEIRO INTERPARROQUIAL	R01	P.04-P.05	Limpeza e sinalización	O Couso-Sobral	7686	1	2,00 €		15.372,00 €
	R02		Limpeza e sinalización	As Barreiras-Ponte de Couso	855	1	2,00 €		1.710,00 €
	R03		Limpeza e sinalización	Sobral-O Espiño	1159	1	2,00 €		2.318,00 €
	R04		Limpeza arranxo firme e sinalización	Acceso praia fluvial	192	1	6,00 €		1.152,00 €
EQUIPAMENTOS	AR01	P.06	Proxecto integral	Parque do Sobral				150.000,00 €	150.000,00 €
	AR02		Parque infantil	Fragoso				35.000,00 €	35.000,00 €
	AR03		Proxecto integral	Aparcamento Colexio+parque infantil	51	35	34,70 €		61.939,50 €
SANEAMENTO	S01		Saneamento	A Cascada-Couso				100.000,00 €	100.000,00 €
	S02		Saneamento	Sobral-A Cascada					0,00 €
	S03		Saneamento	Pilarteiros					0,00 €
SEGURANZA VIARIA	SV01		Reordenar e calmado tráfico	Adro da Igrexa				21.000,00 €	21.000,00 €

1.580.583,27 €

4. PRIORIZACIÓN

NOME	CÓDIGO	1º PERIODO			2º PERIODO			3º PERIODO			
		2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
VIARIO PEONIL	C01										78.946,35 €
	C02				34.128,36 €						
	C03			60.313,05 €							
	C04						36.972,39 €				
	C05						27.949,95 €				
	C06				32.951,52 €						
	C07								31.382,40 €		
	C08								35.991,69 €		
	C09				25.792,41 €						
	C10					97.873,86 €					
	C11									21.967,68 €	
	C12						18.829,44 €				
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01	1.000,00 €									
	F02				1.000,00 €						
	F03					1.000,00 €					
	F04						400,00 €				
	F05								400,00 €		
	F06			1.000,00 €							
	F07			400,00 €							
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01		7.000,00 €								
	P02		20.000,00 €								
	P03					46.187,52 €					
	P04						72.601,40 €				
	P05								22.355,96 €		
	P06			40.609,08 €							
	P07							248.079,04 €			
	P08									67.583,04 €	
	P09				33.792,71 €						
	P10			55.471,92 €							
	P11										37.380,00 €
	P12						20.040,00 €				
	P13						12.692,00 €				
ROTEIRO INTERPARROQUIAL	R01				15.372,00 €						
	R02					1.710,00 €					
	R03						2.318,00 €				
	R04			1.152,00 €							
EQUIPAMENTOS	AR01	150.000,00 €									
	AR02					35.000,00 €					
	AR03				61.939,50 €						
SANEAMENTO	S01		100.000,00 €								
	S02		0,00 €								
	S03		0,00 €								
SEGURANZA VIARIA	SV01			21.000,00 €							
		151.000,00 €	127.000,00 €	179.946,05 €	204.976,50 €	200.600,82 €	172.973,74 €	248.079,04 €	90.130,05 €	89.550,72 €	116.326,35 €

Asinado: O técnico

Xaquín Moreda González

5. PLANOS